

SOLUCIÓNS

REFORZO

FICHA 1

1) 1 Boca. 2 Glándulas salivares. 3 Farinxe. 4 Esófago. 5 Fígado. 6 Estómago. 7 Páncreas. 8 Intestino grosso. 9 Intestino delgado. 10 Ano.

2 a) Osíxeno. b) Expándense. c) Contráese. d) Alvéolos. e) Dióxido de carbono. f) Contráense. g) Expiración. h) O diafragma reláxase.

3 As palabras que faltan son as seguintes: osíxeno / sangue / dióxido de carbono / alvéolo / expiración.

4 Glóbulos vermellos: transportar osíxeno e dióxido de carbono. Glóbulos brancos: defender o corpo das infeccións.

FICHA 2

1) O alumnado deberá colocar cada parte indicada no seu lugar correspondente en cada unha das imaxes.

2) Cambios principais na puberdade: a activación do aparato reprodutor, aparición de caracteres sexuais secundarios e comezo da madureza sexual.

3 a) Os testículos son dous órganos ovalados que producen os espermatozoides. b) A función do pene é facer chegar os espermatozoides ao interior do aparato reprodutor feminino. c) As glándulas anexas producen os espermatozoides que forman parte do seme, e son a próstata e as vesículas seminais. d) Os ovarios son dous órganos ovalados que se encontran no interior do ventre e producen os óvulos. e) As trompas de Falopio conectan os ovarios co útero. f) A función do útero é albergar e protexer o feto no seu desenvolvemento durante o embarazo.

4 Resposta aberta. Exemplo: caracteres masculinos: voz grave, aumento de estatura e musculatura, crecemento de peluxe púbica, peluxe no rostro; e caracteres femininos: crecemento de peluxe en pube e axilas, aumento do volume das mamas, cambio nas cadeiras e cambio da voz.

5 a) A fecundación prodúcese nas trompas de Falopio. b) A menstruación ou regra acontece se non hai fecundación. c) O ciclo menstrual dura uns 28 días. d) O embarazo ten lugar no útero. e) O embrión completa o seu desenvolvemento dentro do saco amniótico.

FICHA 3

5) Son as seguintes: • Carece de masa ou de volume. Apréciase polos seus efectos e pódese medir. • Pode estar contida na materia ou transferirse duns corpos a outros. Ao transferirse non se destrúe senón que produce cambios e pode transformarse. • Maniféstase en diversas formas.

6)

FORMA	FONTE DE ENERXÍA
Mecánica	Presente en corpos en movemento .
Química	Presente en substancias como combustibles
Térmica	Presente en corpos e percibida en forma de calor
Luminosa	Presente en corpos luminosos
Eléctrica	Presente en raios de tormentas, pilas...
Magnética	Presente nos imáns

7) As fontes de enerxía renovables son: vento, enerxía solar, correntes de auga e biocombustibles. As fonte de enerxía non-renovables son: gas natural, carbón e petróleo.

8 Resposta aberta. O alumno deberá mencionar que hai que utilizar as fontes de enerxía renovables debido aos diferentes beneficios que estas achegan.

AMPLIACIÓN

FICHA 1

B 1)Bolo alimentario / Zumes gástricos / quimo / C. Estómago / delgado / pancreático / intestinais / nutrientes / A Peluxes / nutrientes / capilares /

2)O prefixo hemo- significa, sangue, en grego antigo. Todas as palabras teñen un significado relacionado co sangue.

3) Man dereita, veas do brazo dereito, vea cava superior, aurícula dereita, ventrículo dereito, arteria pulmonar, pulmóns, veas pulmonares, aurícula esquerda, ventrículo esquerdo, arteria aorta, arterias da perna esquerda, pé esquerdo.

4)De esquerda a dereita e de arriba a abaixo: OS PULMÓNS / OS RILES / Ouriños / Suor.

FICHA 2

1)

1. Ovulación: O ovario produce un óvulo que avanza cara ao útero pola trompa de Falopio. 2. Preparación do útero (I): A partir da ovulación e durante uns sete días, a parede interna do útero engrósase e recóbrese de vasos sanguíneos. 3. Menstruación: Se non hai fecundación o óvulo expúlsase, xunto con parede do útero e algo de sangue. Dura uns seis días. 4. Preparación do útero (II): Se o óvulo é fecundado na trompa de Falopio, o embrión fíxase na parede engrosada do útero xa preparado.

2)

O embigo é a cicatriz que queda no abdome tras cortar o cordón umbilical.